

2. Quedan así mesmo derogados os artigos 102 a 146, ambos inclusive, e as disposicións transitorias, excepto a 7.^a, do Regulamento xeral da Seguridade Social das Forzas Armadas, aprobado polo Real decreto 2330/1978, do 29 de setembro, así como cantas outras normas do mesmo ou de calquera outra disposición regulamentaria se opoñan ó establecido na presente lei.

Disposición derradeira primeira. *Harmonización coa Lei de consolidación e racionalización do sistema de Seguridade Social.*

Autorízase o Goberno para proceder á harmonización da normativa especial do mutualismo administrativo, no referente ós seus sistemas de recursos económicos, coas previsións do artigo 86.2 da Lei xeral da Seguridade Social, na redacción dada pola Lei 24/1997, do 15 de xullo, logo de consulta coas organizacións sindicais máis representativas no ámbito da función pública.

E isto sen prexuízo do mantemento das peculiaridades que canto á forma de realiza-la prestación da asistencia sanitaria se conteñen naquela normativa especial.

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Este texto refundido dítase ó abeiro do previsto no artigo 149.1.4.^a da Constitución.

Disposición derradeira terceira. *Desenvolvemento regulamentario.*

Facúltase o Ministerio de Defensa, logo de informe, se é o caso, do Ministerio de Facenda e do de Traballo e Asuntos Sociais no ámbito das súas respectivas competencias, para dictar ou propoñerlle ó Goberno, segundo proceda, as normas de aplicación e desenvolvemento da presente lei.

MINISTERIO DE ECONOMÍA

11124 *REAL DECRETO 996/2000, do 2 de xuño, polo que se modifican determinados preceptos do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto 2486/1998, do 20 de novembro, e do plan de contabilidade das entidades aseguradoras e normas para a formulación das contas dos grupos de entidades aseguradoras, aprobado polo Real decreto 2014/1997, do 26 de decembro, para adaptalos á Directiva 98/78/CE, do 27 de outubro, relativa á supervisión adicional das empresas de seguros que formen parte dun grupo de seguros. («BOE» 142, do 14-6-2000.)*

Con data do 27 de outubro de 1998 foi aprobada a Directiva 98/78/CE, relativa á supervisión adicional das empresas de seguros que formen parte dun grupo de seguros, que se publicou no Boletín Oficial das Comunidades Europeas o 5 de decembro do propio ano.

A citada directiva adopta un grao de harmonización esencial, necesario e suficiente para logra-lo recoñecemento mutuo dos sistemas de supervisión prudencial no ámbito dos seguros, establecendo unha supervisión adicional que se orienta, fundamentalmente, cara á comprobación do estado de solvencia do grupo de sociedades e da incidencia que na solvencia das entidades supervisadas teñen as súas sociedades participantes e vinculadas.

A supervisión adicional prevista afecta, dunha parte, as entidades aseguradoras que teñan unha participación —concepto que se define na propia directiva— noutra ou outras entidades aseguradoras, reaseguradoras ou entidades de seguros de terceiros países, segundo métodos alternativos de cálculo que se describen no anexo I da propia directiva —o terceiro dos cales, baseado na consolidación contable, é o coincidente co sistema español de consolidación—; e, doutra parte, ás entidades aseguradoras que teñan como matriz unha tedora de accións de entidades —entre outras, aseguradoras—, unha reaseguradora ou unha aseguradora dun país terceiro, de acordo coas normas establecidas no anexo II da directiva.

A maior parte das prescricións comunitarias están xa recollidas na normativa española, que establece unha regulación detallada dos grupos consolidables de entidades aseguradoras tanto na Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados, como no seu regulamento, aprobado polo Real decreto 2486/1998, do 20 de novembro, e no plan de contabilidade das entidades aseguradoras e normas para a formulación das contas dos grupos de entidades aseguradoras, aprobado polo Real decreto 2014/1997, do 26 de decembro. Non obstante, resulta necesario introducir algunhas modificacións nas dúas normas regulamentarias citadas para conseguila súa plena adaptación ás prescricións da recentemente aprobada directiva.

En particular, interesa destaca-los seguintes aspectos, a transposición dos cales require modificación de normas:

A directiva impón a supervisión adicional de entidades que estean participadas por ou que participen noutras dos tipos arriba mencionados nun 20 por 100 ou máis, presumindo en tales casos a existencia de vínculos de control. Aínda que tal presunción xa se encontra recollida na nosa lexislación xeral sobre supervisión de entidades financeiras (artigo 2.2 do Real decreto 1343/1992, do 6 de novembro, polo que se desenvolve a Lei 13/1992, do 1 de xuño, de recursos propios e supervisión en base consolidada das entidades financeiras), a especificidade do sector asegurador e da súa regulación, así como o feito de recollerse tan importante asunto nunha directiva tamén específica, aconsellan que esta se teña en conta no Regulamento sectorial.

A norma comunitaria introduce, para estes exclusivos efectos, unha marxe de solvencia teórica ou nocial para as entidades exclusivamente reaseguradoras que, nin a normativa española, nin ningunha outra comunitaria esixen a nivel individual, polo que resulta preceptivo traspoñer-las súas previsións, ben que cos limitados efectos da propia directiva.

Aínda que a normativa española xa prevé esixencias de control interno, a directiva esixe procedementos adicionais que garantan a adecuada presentación da información e dos datos pertinentes para efectos da supervisión adicional.

Requírese igualmente que determinada información relativa a certo tipo de operacións intragrupo, que con carácter xeral xa se consideran na nosa normativa, estea dispoñible con periodicidade anual, o que esixe prevelo especificamente na memoria das contas anuais consolidadas.

A marxe do anterior, outras cuestións destacables da norma comunitaria xa incorporadas á regulación española son:

O necesario acceso das autoridades competentes a toda a información relevante para os efectos da supervisión.

O feito de que, aínda que a supervisión adicional esixir en conta empresas non sometidas a supervisión individual, as prescricións da directiva non implican que a súa aplicación obrigue os Estados membros a exercer esa supervisión a partir de agora.

A aplicación da norma comunitaria esixe un alto grao de cooperación entre autoridades de control, que as normas internas dos Estados membros deben permitir e facilitar.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Economía, logo dos informes e trámites preceptivos, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 2 de xuño de 2000,

DISPÓN O:

Artigo primeiro. *Modificacións no Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decreto 2486/1998, do 20 de novembro.*

Primeiro.—Engádeselle un parágrafo i) ó artigo 1.2, coa seguinte redacción:

«i) Entidade aseguradora domiciliada nun terceiro país.

Unha entidade que, se tivese o seu domicilio social na Unión Europea, estaría obrigada, consonte as disposicións que en cada Estado membro se dictasen en aplicación do artigo 6 da Directiva 73/239/CEE ou do artigo 6 da Directiva 79/267/CEE, de forma análoga ó previsto no artigo 6 da Lei 30/1995, do 8 de novembro, de ordenación e supervisión dos seguros privados, a obter unha autorización para realiza-la actividade aseguradora.»

Segundo.—Engádeselle un parágrafo ó artigo 57.1, coa seguinte redacción:

«A mesma obrigación incumbirá, en todo o que estea ó seu alcance, ós administradores da entidade obrigada a formula-las contas anuais do grupo consolidable de entidades aseguradoras no suposto de déficit na cobertura consolidada de provisións técnicas.»

Terceiro.—Dáselle unha nova redacción ó artigo 58:

«Artigo 58. *Obriga de dispoñer da marxe de solvencia.*

1. As entidades aseguradoras deberán dispoñer, en todo momento, como marxe de solvencia, dun patrimonio propio non comprometido suficiente respecto ó conxunto das súas actividades en España e fóra dela.

2. Os grupos consolidables de entidades aseguradoras deberán dispoñer, como marxe de solvencia, dun patrimonio consolidado non comprometido suficiente, en todo momento, para cubri-las esixencias legais de solvencia aplicables ó grupo, as cales terán en conta as operacións de seguro e reaseguro realizadas entre as entidades pertencentes a aquel, considerando para o cálculo das esixencias de solvencia do grupo as magnitudes netas destas operacións tralo proceso de eliminación correspondente. As esixencias legais de solvencia, no suposto de entidades aseguradoras domiciliadas en países terceiros, calcularanse para estes efectos de acordo co disposto no presente regulamento, agás que a lexislación do país terceiro en que teña o seu domicilio a entidade en cuestión lle imponha uns requisitos de solvencia polo menos equiparables ós previstos naquel, caso no que poderá efectuarse o cálculo citado de acordo co disposto na dita lexislación.

Unicamente para os efectos de determina-lo patrimonio propio non comprometido do grupo consolidable, incluirán no cálculo as entidades reaseguradoras, xa como dominantes, xa como dependentes, e as sociedades tedoras de accións de enti-

dades aseguradoras, considerándose unha contía mínima aplicable a estas entidades de acordo coas seguintes regras:

a) Para as entidades reaseguradoras puras calcularase en función de primas e sinistralidade, tomándose a maior das cantidades resultantes, cando se trate de riscos distintos dos do seguro de vida, e en función das provisións de seguros de vida e, se é o caso, dos capitais en risco, cando se trate de riscos propios do seguro de vida, en ámbolos casos de maneira análoga á aplicable ó seguro directo e considerando as deducións por reaseguro retrocedido nos mesmos termos cás de reaseguro cedido para as entidades de seguro directo.

b) Para as sociedades tedoras de accións de entidades aseguradoras, considerarase unha contía mínima igual a cero.

As mesmas esixencias de solvencia serán aplicables ós subgrupos consolidables de entidades aseguradoras.

3. No caso de entidades aseguradoras que realicen operacións de seguro nos ramos de vida e distintos do de vida, o cálculo da marxe de solvencia e do cumprimento do seu mínimo legal realizarase separadamente para cada unha das dúas actividades anteriores.

Para tales efectos, as partidas integrantes da marxe de solvencia imputaráselle a cada unha das actividades atendendo á súa orixe ou afectación, conforme criterios obxectivos, razoables e comprobables. A asignación das partidas que integran o cálculo da marxe de solvencia e os criterios aplicados para realizar tal asignación deberán manterse dun exercicio para outro, agás que medien razóns que xustifiquen a súa variación. Tal variación non poderá afectar, en ningún caso, ás contías mínimas de capital social e fondo mutual establecidas no artigo 13 da Lei, nin a partidas específicas dalgún dos ramos.

A modificación dos criterios ou da asignación de partidas da marxe de solvencia dunha actividade para outra, así como a súa xustificación, deberán ser recollidas na documentación estatístico-contable que as entidades aseguradoras lle remitan á Dirección Xeral de Seguros.

Sen prexuízo do establecido no número 2 precedente, o disposto neste artigo non será de aplicación ás entidades que teñan como obxecto exclusivo a realización de operacións de reaseguro, nin ós grupos consolidables formados, exclusivamente, por entidades desta clase.

4. Non obstante, se o patrimonio propio non comprometido dalgunha das actividades de seguros de vida ou distintos do de vida fora nalgún momento inferior á marxe de solvencia mínima legal, os administradores da entidade aseguradora deberán adopta-las medidas e efectua-las comunicacións á Dirección Xeral de Seguros previstas no número 1 do artigo 57 deste regulamento.

A mesma obriga establecida no parágrafo precedente incumbirá, en todo o que estea ó seu alcance, ós administradores da entidade obrigada a formula-las contas anuais do grupo consolidable de entidades aseguradoras no suposto de déficit na marxe de solvencia consolidada.

5. No caso de entidades que operen en seguros de vida e en seguros distintos do de vida, se se presentase déficit dalgunha das dúas marxes de solvencia, a Dirección Xeral de Seguros poderá aplicarlle á actividade deficitaria as medidas de control especial adecuadas para tal situación, calquera que

sexa o resultado da marxe de solvencia da outra actividade.

Para tal efecto poderase autorizar efectuar un cambio de imputación das partidas especificamente afectas que compoñen a marxe de solvencia.»

Cuarto.—Engádeselle un parágrafo ó artigo 60.1, coa seguinte redacción:

«Os beneficios futuros do ramo de vida das sociedades dependentes só poderán incluírse no cálculo co límite da contía pola que sexan computables na marxe de solvencia individual de tales sociedades; ademais, a suma dos citados beneficios futuros e de calquera outro elemento que, a xuízo da Dirección Xeral de Seguros, puidese non estar dispoñible de modo efectivo para cumpri-lo requisito de marxe de solvencia da entidade dominante, non poderá computarse por unha contía superior a aquela pola que sexa computable na marxe de solvencia que corresponda á entidade dependente.»

Quinto.—Engádeselle un número 1 bis ó artigo 67, coa seguinte redacción:

«1 bis. Para os efectos do artigo 20.2, segundo parágrafo, da lei, presumirase que existe relación de control cando exista unha participación igual ou superior ó 20 por 100 do capital ou dos dereitos de voto, agás declaración responsable en contrario, con expresión das circunstancias concorrentes que permitan concluílo así.»

Sexto.—Engádesese un segundo parágrafo ó artigo 110.1, coa seguinte redacción:

«O grupo consolidable de entidades aseguradoras, a través das entidades que o compoñen, establecerá os procedementos de control interno necesarios para asegura-la plena dispoñibilidade e adecuada presentación de cantos datos e información en xeral sexan precisos para a elaboración e formalización das contas consolidadas, incluídos os estados de cobertura de provisións técnicas e de marxe de solvencia consolidados.»

Sétimo.—Engádesese unha disposición adicional oitava, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional oitava. *Autorización á Dirección Xeral de Seguros para a celebración de acordos con outras autoridades de supervisión da Unión Europea, relativos ó exercicio da supervisión adicional.*

Cando unha entidade aseguradora domiciliada en España e unha ou varias entidades aseguradoras domiciliadas noutros Estados membros da Unión Europea teñan como sociedade dominante a mesma entidade de seguros ou de reaseguros ou sociedade tedora de accións, domiciliada nun Estado membro distinto de España, ou a mesma entidade aseguradora dun país terceiro, a Dirección Xeral de Seguros poderá subscribir acordos coas autoridades de supervisión correspondentes en relación coa autoridade que exercerá a supervisión adicional en base consolidada do conxunto de entidades dominadas.»

Artigo segundo. *Modificacións no plan de contabilidade das entidades aseguradoras e normas para a formulación das contas dos grupos de entidades aseguradoras, aprobado polo Real decreto 2014/1997, do 26 de decembro.*

Primeiro.—Dáselle unha nova redacción ó segundo parágrafo do número 8.b) da norma terceira das normas

sobre formulación das contas anuais dos grupos consolidables de entidades aseguradoras:

«Así mesmo, cando se realicen operacións entre empresas pertencentes ó mesmo grupo de sociedades especificaranse na memoria das contas anuais os aspectos principais das que afecten ou se refiran a:

- a) Préstamos e créditos.
- b) Garantías, avais e operacións con instrumentos derivados.
- c) Elementos computables para a marxe de solvencia.
- d) Investimentos materiais e financeiros.
- e) Operacións de reaseguro.
- f) Acordos sobre transferencia de servicios e asunción ou reparto de gastos.

A anterior información deberá especificarse de forma individual para aquelas operacións de importe significativo ou de características singulares, podendo agruparse para o resto delas, dentro do correspondente tipo de operacións, sempre que respecto das agrupadas se inclúa información suficiente para inferir-la súa natureza e verdadeira finalidade económica. Igualmente, deberá incluírse información sobre calquera outra operación significativa distinta das anteriores entre as sociedades do grupo.»

Segundo.—Modifícase o segundo parágrafo do número 8.i) da norma terceira das normas sobre formulación das contas anuais dos grupos consolidables de entidades aseguradoras:

«No caso de que o grupo teña filiais en países non pertencentes ó espazo económico europeo, engadiráselle á contía mínima da marxe de solvencia referida ó conxunto de entidades pertencentes ó citado ámbito a contía mínima correspondente a aquelas, calculada para estes efectos de acordo co disposto no Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, agás que a lexislación do país terceiro en que teña o seu domicilio a entidade en cuestión lle imponha uns requisitos de solvencia alomenos equiparables ós previstos naquel, e en tal caso poderase efectua-lo cálculo citado de acordo co disposto na dita lexislación.»

Terceiro.—Engádeselle un cuarto parágrafo ó número 8.i) da norma terceira das normas sobre formulación das contas anuais dos grupos consolidables de entidades aseguradoras, coa seguinte redacción:

«Non obstante o anterior, e para estes efectos, respecto das entidades que contén con esixencias de solvencia e ás que lles sexan de aplicación os métodos de integración proporcional ou de posta en equivalencia, computaranse na proporción correspondente tanto as citadas esixencias de solvencia como os recursos propios computables.»

Disposición adicional única. *Modificación da composición da Xunta Consultiva de Seguros.*

Modifícase o parágrafo segundo do número 6 do artigo 120 do Regulamento de ordenación e supervisión dos seguros privados, aprobado polo Real decre-

to 2486/1998, do 20 de novembro, que queda redactado nos seguintes termos:

«Por proposta do director xeral de Seguros, logo de consulta das asociacións e institucións máis representativas en cada caso, serán nomeados catro vocais designados en representación das entidades aseguradoras, dous en representación das entidades xestoras de fondos de pensións, dous en representación dos mediadores de seguros titulados, un en representación de corporacións de prestixio relacionadas co seguro privado, un en representación dos actuarios de seguros, un en nome dos peritos de seguros e comisarios de avarías, dous representantes de organizacións sindicais e un en representación do Consello Xeral das Cámaras de Comercio, Industria e Navegación de España.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2001, coa excepción do disposto no seu artigo primeiro, punto primeiro, e na súa disposición adicional única, que o fará o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 2 de xuño de 2000.

JUAN CARLOS R.

O vicepresidente segundo do Goberno
para Asuntos Económicos
e ministro de Economía,
RODRIGO DE RATO Y FIGAREDO

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

11372 *REAL DECRETO 1124/2000, do 16 de xuño, polo que se modifica o Real decreto 665/1997, do 12 de maio, sobre a protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes canceríxenos durante o traballo. («BOE» 145, do 17-6-2000.)*

A Directiva 90/394/CEE do Consello, do 28 de xuño de 1990, foi incorporada ó dereito español mediante o Real decreto 665/1997, do 12 de maio, sobre a protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes canceríxenos durante o traballo.

Posteriormente foi aprobada a Directiva 97/42/CE do Consello, do 27 de xuño de 1997, pola que se modifica por primeira vez a Directiva 90/394/CEE relativa á protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes canceríxenos durante o traballo.

Mediante este real decreto procédese a incorporar ó dereito español o contido da Directiva 97/42/CE, antes mencionada, para o que resulta necesario modificalo Real decreto 665/1997.

Na súa virtude, de conformidade co artigo 6 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, por proposta dos ministros de Traballo e Asuntos Sociais e de Sanidade e Consumo, consultadas as organizacións empresariais e sindicais máis representativas, oída a Comisión Nacional de Seguridade e Saúde no Traballo, de acordo co Consello de Estado e logo

de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 16 de xuño de 2000,

DISPONGO:

Artigo único.

O Real decreto 665/1997, do 12 de maio, sobre a protección dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición a axentes canceríxenos durante o traballo, queda modificado do seguinte xeito:

Un. O texto do punto segundo do artigo 1 substitúese polo seguinte:

«Mediante este real decreto establécense as disposicións mínimas aplicables ás actividades nas que os traballadores estean ou poidan estar expostos a axentes canceríxenos como consecuencia do seu traballo, sen prexuízo daquelas disposicións específicas contidas na normativa vixente relativa á prohibición de determinados axentes ou actividades canceríxenos e a relativa á protección sanitaria contra as radiacións ionizantes.

En canto á protección dos traballadores fronte ós riscos derivados de exposicións ó amianto e ó cloruro de vinilo monómero, regulada pola súa normativa específica, serán de aplicación as disposicións deste real decreto cando estas sexan máis favorables para a seguridade e saúde dos traballadores.»

Dous. O texto do artigo 2 substitúese polo seguinte:

«1. Para efectos deste real decreto entenderase por axente canceríxeno:

a) Unha substancia que cumpra os criterios para a súa clasificación como canceríxeno de 1.^a ou 2.^a categoría, establecidos na normativa relativa a notificación de substancias novas e clasificación, envasado e etiquetaxe de substancias perigosas.

b) Un preparado, que conteña algunha das substancias mencionadas no punto anterior, que cumpra os criterios para a súa clasificación como canceríxeno, establecidos na normativa sobre clasificación, envasado e etiquetaxe de preparados perigosos.

c) Unha substancia, preparado ou procedemento dos mencionados no anexo I deste real decreto, así como unha substancia ou preparado que se produza durante un dos procedementos mencionados nese anexo.

2. Entenderase por «valor límite», salvo que se especifique o contrario, o límite da media ponderada temporalmente da concentración dun axente canceríxeno no aire dentro da zona en que respira o traballador en relación cun período de referencia específico tal como se establece no anexo III deste real decreto.»

Tres. No artigo 5 despois do punto 3 inserírase o seguinte punto:

«4. A exposición non superará o valor límite dos axentes canceríxenos establecido no anexo III deste real decreto.»

Catro. No artigo 5 o actual punto 4 pasará a se-lo punto 5.

Cinco. Engádesse un anexo III: